

Martes, 9 de abril de 2024

Núm. 69

EXTRACTO DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DE DATA 3 ABRIL DE 2024, POLA QUE SE CONVOCA O I CONCURSO DE MICRORRELATOS CON MOTIVO DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS

BDNS (Identif.):752730

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/752730>)

1. OBXECTIVO

O obxectivo é promover o uso da lingua galega no ámbito educativo, así como promover a lectura, escritura, expresión e comprensión escrita da lingua galega.

2. PRESUPOSTO DISPOÑIBLE

As cantidades destinadas a esta convocatoria serán de:

- 210,00 euros, en premios, realizándose o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3260.48902.

3. CONCORRENCIA COMPETITIVA

Os premios inherentes a este concurso concederanse en réxime de concorrencia competitiva, previo estudo e valoración por parte do xurado.

4. PARTICIPANTES

- Poderán tomar parte neste concurso todos os estudantes de secundaria do IES de Valga (1º, 2º, 3º e 4º da ESO)
- A participación será individual
- Utilizarase un pseudónimo
- Só se poderá presentar un microrrelato por participante

5. CATEGORIAS E REQUISITOS

Establécense as distintas categorías:

CATEGORIAS	REQUISITOS
A	Alumnos de 1º e 2º da ESO Extensión: mínimo 250 palabras; máximo 350 palabras Os microrrelatos serán redactados integramente en galego, con letra Arial tamaño 12 e interliñado 1,5. Temática: a temática será libre pero tendo como protagonista do microrrelato algúns dos personaxes principais das obras dalgún dos autores homenaxeados no Día das Letras Galegas
B	Alumnos de 3º e 4º da ESO

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:0M18ERVJG1PWDR7Z



Martes, 9 de abril de 2024

Núm. 69

CATEGORIAS	REQUISITOS
	Extensión: mínimo 350 palabras; máximo 500 palabras
	Os microrreltos serán redactados integramente en galego, con letra Arial tamaño 12 e interliñado 1,5
	Temática: a temática será libre pero tendo como protagonista algún ser da mitoloxía galega.

6. CONCURSO

A metodoloxía do concurso levarase a cabo da seguinte maneira:

O Concello de Valga recibirá as participacións segundo o exposto na base 7.

O xurado valorará a orixinalidade, a imaxinación, creatividade e calidade literaria

A resolución do concurso realizarase baixo os principios de transparencia, igualdade, obxectividade e non discriminación. A resolución será inapelable e os premios poderán declararse desertos se o xurado así o considera oportuno.

7. PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN

O prazo de presentación das solicitudes de participación será ata o 10 de maio de 2024, ás 15:00 horas. A entrega será en formato físico, pero ademais do formato físico de maneira opcional poderá mandarse o relato de forma oral mediante Whatsapp (621 684 118)

Esta inscrición farase de modo presencial no Concello de Valga. Xunto coa instancia deberá achegarse obrigatoriamente a seguinte documentación:

-Sobre A: folla do microrrelato firmada co pseudónimo

-Sobre B: sobre pechado que conteña no seu interior unha folla co nome competo, DNI, curso, enderezo, teléfono e correo electrónico. Ademais do DNI do pai/nai/titor/a.

8. PREMIOS

Entregaranse dous premios por cada modalidade

Categoría A:

1º Premio: 60€ e agasallo

2º Premio: 30€ e agasallo

Categoría B:

1º Premio: 80€ e agasallo

2º Premio 40€ e agasallo

Entregarase un diploma acreditativo coa contía do premio no IES de Valga coincidindo co día da Carreira pola Lingua.

O ingreso dos premios farase en días posteriores a través de transferencia bancaria. A estes efectos será indispensable a presentación dun certificado do número de conta do titular do premiado (ou representante no seu caso) onde se realizará o pago, unha vez sexa emitido

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación:0M18ERVJG1PWDR7Z



Martes, 9 de abril de 2024

Núm. 69

informe proposta polo Departamento de Cultura e adoptado acordo de concesión polo órgano competente.

9. DEREITOS DE AUTOR

Os participantes ceden os dereitos de publicación para a divulgación dos relatos seleccionados no marco do concurso.

10. ÓRGANO COMPETENTE PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA

O órgano competente para ditar cantos acordos se requiran no procedemento será o Alcalde do Concello de Valga.

11. COMPOSICIÓN E COMPETENCIAS DO XURADO

O xurado estará composto por:

- Técnico de normalización lingüística do concello
- Concelleiro de Cultura
- Técnico responsable da Biblioteca
- Técnico do concello relacionado coa área de Cultura

O xurado valorará a orixinalidade, a creatividade así como a imaxinación e calidade literaria. Aqueles relatos que tamén sexan enviados de forma oral terán unha puntuación extra xa que se valorara a interpretación do mesmo.

O xurado resérvase o dereito a deixar deserto o concurso baixo os criterios de adecuación ao obxectivo do concurso ou á calidade.

Calquera incidencia non prevista nestas bases será resolta polo xurado, sen que contra a súa decisión proceda reclamación algunha.

O feito de participar no concurso supón a aceptación expresa do fallo do xurado. As decisións do xurado serán inapelables.

12. RÉXIME XURÍDICO

Ademais do disposto nas presentes bases, a presente convocatoria supeditarase ao establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, na Norma de execución presupostaria que se atope vixente en cada momento de cada convocatoria, e demais normativa que resulte de aplicación.

13. ACEPTACIÓN

A participación neste concurso supón a plena aceptación das presentes bases, a reunión dos requisitos establecido na base 4 e a conformidade coas decisións do Xurado.



Martes, 9 de abril de 2024

Núm. 69

A organización resérvase o dereito a introducir, se o cre convinte, as modificacións necesarias para o bo funcionamento do concurso.

Valga, 03/04/2024

O alcalde,

José M^a Bello Maneiro.

O secretario,

Juan Manuel Salguero del Valle.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación:0M18ERVJG1PWDR7Z

